

O Concello de Verín ultima as obras de reforma integral efectuadas na Praza da Alameda. Nesta actuación estanse a realizar diferentes melloras tanto no propio parque como na súa contorna enfocadas a reordenación e humanización da vila.

No que se refire á reformas realizadas no propio parque da alameda, realizáronse melloras nos seus parques infantís, nos que se substituíron os cauchos amortecedores de caídas deteriorados e realizáronse labores de mantemento e reparación, remplazáronse as anteriores luminarias por lámpadas led, plantáronse novas árbores, céspede e plantas ornamentais e leváronse a cabo diversas reformas estruturais como a construción dun novo muro de pedra ou a reforma dos seus accesos coa finalidade de mellorar a accesibilidade. «Nos vindeiros días os operarios municipais botarán o pavimento natural rematando así a reforma integral da praza», anunciou o alcalde de Verín, Gerardo Seoane Fidalgo.

En canto ás modificacións no contorno da praza, dotouse a zona de beirarrúas máis anchas, así coma de novas zonas arbóreas na área exterior dous centros de día e dá terceira idade (ata a rúa muralla). Realizouse tamén a renovación da rede de saneamento na cara oeste da Alameda (zona dous pubs)-«Todas estas accións», explicou Seoane, teñen o obxectivo de reordenar a conexión da Alameda coa Praza Maior para priorizar ao peón».